En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12425**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"a postura da Xunta de Galicia en relación coa potestade de declarar as zonas de mercados residenciais tensionados e as súas previsións ao respecto"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Dende o mesmo momento da aprobación da lei polo dereito á vivenda, que regula a declaración de zonas residenciais tensionadas, a Xunta de Galicia dixo o seguinte:

1.- Non considera que se trate dunha medida que vaia contribuir á solucións dos problemas de alugueiro de vivenda, senón máis ben ao contrario, reducindo a oferta de vivendas e, polo tanto, dificultando o acceso ás mesmas.

2.- A Xunta non vai declarar, de oficio, zonas residenciais tensionadas.

3.- Si algún concello presenta a solicitude de declaración de zona tensionada, acompañada con toda a documentación establecida na lei, a Xunta procederá ao estudo da mesma e, se é o caso, á declaración da zona tensionada".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:50:41

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:45
Nº Rexistro: 22437
Data envio: 27/03/2025 13:50:45.473

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:50:45**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:38
Nº Rexistro: 22436
Data envío: 27/03/2025 13:50:38.707
Data 27/03/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12799**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"os datos dos resultados acadados coa política de promoción de vivenda pública que vén desenvolvendo o Goberno galego, as súas previsións e a súa valoración respecto da execución orzamentaria e das necesidades de investimento nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A estratexia para a promoción de vivenda pública púxose en marcha en 2023 e modificouse en 2024, incorporando obxectivos máis ambiciosos que os iniciais.

Como ben sabe a aurora da pregunta, o proceso de promoción e construción de vivendas precisa de varios anos para dispoñer do solo, redactar proxectos, licitar e adxudicar obras, obter licenzas municipais e executar a construción, polo que resulta imposible que no mesmo ano en que se comeza se dispoña xa de vivendas construídas.

Actualmente a Xunta ten preto de 2.200 vivendas de promoción pública en distintas fases de execución: construción, obra licitada, proxecto en redacción... e seguirá licitando novas obras, tanto en solo propio da Xunta como en parcelas cedidas polos concellos".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:50:36

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:38
Nº Rexistro: 22436
Data envio: 27/03/2025 13:50:38.707

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:50:38**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, XUSTIZA E DEPORTES

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:32
Nº Rexistro: 22435
Data envío: 27/03/2025 13:50:32.957
Data 27/03/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 12864**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"o número de vivendas de promoción pública que foron adxudicadas entre o 13 de abril e o 22 de xullo nas diferentes fases da súa construción"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"Entre o 13/04/2024 e o 22/07/2024 licitáronse as obras de construción de 146 vivendas de promoción pública nos concellos da Coruña e Vigo e adxudicáronse os contratos de construción de 152 vivendas de promoción pública nos concellos de Santiago de Compostela, Pontevedra e Vigo.

Nos mesmo período adxudicouse a redacción dos proxectos e dirección de obra para a construción de 100 vivendas de promoción pública nos concellos de Ferrol e Lugo.

En total, no período indicado, son 398 as vivendas con obra licitada ou adxudicada ou con redacción de proxecto adxudicado".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:50:30

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:32
Nº Rexistro: 22435
Data envio: 27/03/2025 13:50:32.957

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:50:32

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:25
Nº Rexistro: 22434
Data envío: 27/03/2025 13:50:25.551
Data 27/03/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15401**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de dona Alexandra Fernández Gómez e don Luis Bará Torres, sobre **"os resultados da convocatoria de axudas para a adquisición de vivendas protexidas do ano 2023 e as previsións do Goberno galego nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestructuras**, que ten o seguinte contido:

"As bases do programa establecen que teñen dereito á axuda as persoas que, dentro do prazo establecido, teñan subscrito un contrato de compravenda ou unha escritura pública. A adxudicación pode ser anterior á data na que se abre o prazo sempre que o contrato ou a escritura estean asinados entre as datas indicadas na convocatoria.

En 2023 concedeuse a totalidade das axudas solicitadas que cumprían os requisitos. Non se denegou ningunha por esgotamento de crédito.

Non é certo que en 2024 non se convocase esa axuda. A convocatoria publicouse no Diario Oficial de Galicia do 13 de febreiro de 2024.

A convocatoria corresponde a 2025 publicouse no DOG do 14 de xaneiro de 2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:50:22

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:25
**Nº Rexistro: 22434**
Data envio: 27/03/2025 13:50:25.551

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:50:25**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:19
Nº Rexistro: 22433
Data envío: 27/03/2025 13:50:19.285
Data 27/03/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 15497**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia a iniciativa de dona Carmen Rodríguez Dacosta e dona Lara Méndez López, sobre **"as previsións que ten o Goberno galego respecto do prazo para a creación da Mesa dos Pastos en Montes de Galicia, o estado en que está a ordenación ou xestión dos terreos forestais de pastoreo e a planificación desta actividade"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Medio Rural**, que ten o seguinte contido:

"A pregunta anterior está referida á Lei 7/2012, de montes de Galicia, ás directrices do Consello Forestal e ó Plan Forestal de Galicia. Así, a 1ª Revisión do Plan Forestal de Galicia contén na páxina 72 o *"Programa de aproveitamento de pastos e forraxes no monte e de establecemento de sistemas silvopastorís"*. Este Programa recolle como obxectivo acadar as 225.000 ha de pastos en terreos forestais antes de 2040. Estas 225.000 ha son ás que se refire o último parágrafo da parte expositiva desta pregunta, e que se anunciaron na prensa no seu día: A Xunta prevé aumentar a superficie de pastos e forraxes en terreos forestais en 225.000 hectáreas - Campo Galego.

Dende 2020 vense desenvolvendo dende 2020 unha medida do PDR, que nós chamamos Plan de Pastoreo de Galicia, no que as comunidades de montes solicitan renovar algún dos seus pasteiros. Sen embargo, este Plan de Pastoreo articúlase a través da submedida 8.3 do PDR de Galicia e non ten nada que ver co Programa de aproveitamento de pastos e forraxes anterior, nin con ninguna das preguntas anteriores.

Dende 2020 lévanse feito un total de 80 pastizais, con 1.942 ha e rematará otros 26 con 519 ha a finais de 2025".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:50:16

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:50:19**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7822**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey e dona Paloma Castro Rey, sobre **"os avances na aplicación por parte do Goberno galego das recomendacións do Consello de Contas de Galicia do ano 2023 en materia de transparencia, bo goberno e integridade institucional"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"O pasado 2 de outubro o Director Xeral de Simplificación Administrativa e Patrimonio, Dº. José Mª Barreiro Díaz, dou reposta a tódalas cuestións expostas nesta iniciativa ao contestar á pregunta oral en comisión con Nº de rexistro 7842 do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia na Comisión 1ª Institucional, de Administración xeral , Xustiza e Interior.

Adxuntamos o link da sesión:

https://mediateca.parlamentodegalicia.gal/watch?id=ZmEyNjZiZDMtNzVhOC00ZGZhLWEzOWEtNzA4YzBjYWZjZDBl&start=646".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:48:04

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:48:08
Nº Rexistro: 22432
Data envio: 27/03/2025 13:48:08.583

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:48:08

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:48:01
Nº Rexistro: 22431
Data envío: 27/03/2025 13:48:01.583
Data 27/03/2025 13:47

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7850**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a creación e o funcionamento da Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A Comisión Interdepartamental de Coordinación e Supervisión da Integridade e de Prevención de Riscos de Xestión creouse mediante o Decreto 11/2024, do 11 de xaneiro, que a configurou como o órgano colexiado encargado de coordinar e velar polo cumprimento do sistema de integridade e de riscos de xestión na Xunta de Galicia.

A dita comisión está composta polas persoas titulares da Secretaría Xeral da Presidencia e das Secretarías xerais técnicas das consellerías da Xunta de Galicia, da Asesoría Xurídica Xeral, da Intervención Xeral da Comunidade Autónoma, da Dirección Xeral de Emprego Público e Administración de Persoal e da Dirección Xeral de Simplificación Administrativa e do Patrimonio.

O 25 de febreiro de 2025 tivo lugar a sesión constitutiva da dita Comisión, na que ademais da constitución do órgano se avanzaron as accións en materia de integridade institucional que se levarán a cabo ao longo deste ano".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:47:58

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:48:01
Nº Rexistro: 22431
Data envio: 27/03/2025 13:48:01.583

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:48:01**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7851**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"a actualización do Código ético institucional da Xunta de Galicia e a aprobación dun plan específico de formación e capacitación en materia de integridade e conflitos de intereses para empregados públicos e altos cargos do Goberno galego"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A revisión e actualización do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de maio de 2023 é unha actualización das previsións do Código ético institucional, especialmente na perspectiva da integración da integridade institucional como principio ou política inspiradora de toda a actuación da Xunta de Galicia, así como de xeito mais particular en relación coas situacións de posibles conflitos de intereses, tanto de persoal empregado público como de altos cargos.

Polo que respecta á formación específica en materia de integridade institucional e conflitos de intereses, a Xunta de Galicia ven realizando esta formación dende hai anos.

O Programa marco de integridade institucional e prevención de riscos de xestión 2021-2024 estableceu a inclusión nos plans de formación continua da Escola Galega de Administración Pública da ética pública e da integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público, así como a inclusión dunha formación específica dirixida de forma diferenciada a distintos colectivos en ámbitos específicos.

Dende o ano 2022 se incorpora formación en materia de integridade institucional con carácter xeral para todo o persoal empregado público, e ademais nos anos 2022 e 2023 se levaron a cabo accións formativas en materia de integridade na contratación na Escola Galega de Administración Pública.

Igualmente, o Programa marco preveu o establecemento de medidas "diferenciadas para os altos cargos e o persoal directivo do sector público autonómico", polo que en xuño de 2023 se realizou unha difusión específica relativa á actualización e revisión do Plan xeral de prevención e medidas antifraude dirixida aos altos cargos da Xunta de Galicia.

Polo tanto, nos plans de formación continua se incorpora formación específica neste eido dirixida a todo o persoal empregado público, pero ademais esta formación de carácter mais xeral foi completada con accións formativas e divulgativas destinadas a colectivos concretos".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:47:52

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:47:55
Nº Rexistro: 22430
Data envio: 27/03/2025 13:47:55.677

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:47:55
Nº Rexistro: 22430
Data envio: 27/03/2025 13:47:55.677

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:47:55**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:47:48
Nº Rexistro: 22429
Data envío: 27/03/2025 13:47:48.958
Data 27/03/2025 13:47

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7853**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"os avances nas garantías do anonimato dos denunciantes internos de corrupción e na creación doutras canles de resolución de dilemas éticos"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A actualización e revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de maio de 2023, xa incorporaba as previsións da Lei 2/2023, do 20 de febreiro, nesta materia ao recoller a posibilidade de presentación anónima, tanto na canle interna de denuncias da Xunta de Galicia, así como nas entidades instrumentais que crearon canles internas propias e independentes daquela.

Así, todas estas canles permiten a presentación de comunicacións de xeito totalmente anónimo dende o mes de xuño de 2023.

Ademais, nesta mesma revisión do Plan xeral habilitouse un buzón de integridade, no que o persoal empregado público pode de xeito preventivo, consultar interpretacións e concrecións sobre o sistema de integridade institucional".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:47:45

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:47:48
Nº Rexistro: 22429
Data envio: 27/03/2025 13:47:48.958

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:47:48**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7854**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"o proceso de análise e valoración de riscos de corrupción polo Goberno galego e o impulso dun plan de reforzo ou da adopción de novas medidas de control"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A Xunta de Galicia aprobou o 10 de decembro de 2021 o seu Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude. Este plan foi obxecto de revisión e actualización o 19 de maio de 2023.

Este plan xeral, é de aplicación a todos os centros directivos e entidades da Xunta de Galicia así como á xestión de todo tipo de fondos (non limitado aos fondos MRR), foi completándose cos distintos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude das distintas Consellerías ( que agrupan os dos seus centros directivos e entidades dependentes).

Polo que respecta aos ditos plans de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude das distintas Consellerías, procedeuse no ano 2023 a realizar un impulso en tres vertentes: conseguir a incorporación daqueles plans de prevención específicos dos centros directivos e entidades que non contaban con plan aprobado; revisar e actualizar os plans daqueles centros directivos e entidades que os enfocaron na primeira fase á actividade financiada con fondos do MRR; e á incorporación dunha avaliación de riscos individualizada en todos os plans.

Coa finalidade de homoxeneizar metodoloxía, na actualización e revisión do Plan xeral de prevención de riscos de xestión e medidas antifraude da Xunta de Galicia aprobada polo Consello da Xunta de Galicia o 19 de maio de 2023 incorporouse unha matriz propia para a avaliación de riscos, cunha explicación detallada dos casos nos que as medidas minimizadoras se podían considerar suficientes e en que casos se debía proceder á elaboración dun plan de acción, incorporando novas medidas. Ademais, facilitouse á matriz a todos os departamentos, de xeito que en cada centro directivo procédese a avaliar os seus propios riscos, resultando un proceso mais participativo e individualizado por departamento".

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:47:38

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:47:41
Nº Rexistro: 22428
Data envio: 27/03/2025 13:47:41.442

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:47:41
Nº Rexistro: 22428
Data envio: 27/03/2025 13:47:41.442

**Asinado dixitalmente por:**

**REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:47:41**

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:51:03
Nº Rexistro: 22440
Data envío: 27/03/2025 13:51:03.722
Data 27/03/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7855**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e don Julio Ernesto Abalde Alonso, sobre **"o funcionamento da Autoridade Galega de Protección do Informante prevista na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"No ano 2023 produciuse unha modificación fundamental na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, en varios aspectos relacionados coa integridade, en particular, creouse a Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante, adscrita á institución do Valedor do Pobo, institución autonómica análoga á autoridade independente prevista na Lei 2/2023, do 20 de febreiro, reguladora da protección das persoas que informen sobre infraccións normativas e de loita contra a corrupción.

A Lei 10/2023, do 28 de decembro, que introduciu esta modificación na Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, prevía que a autoridade comezará o exercicio das súas funcións aos 10 meses da súa entrada en vigor, que se produciu o 1 de xaneiro de 2024.

O DOG de 19 de novembro de 2024 publicou o Acordo de 4 de novembro de 2024, do Pleno da Autoridade Galega de Protección da Persoa Informante , polo que se aproba a súa normativa interna.

Actualmente pódese acceder ao canal externo de comunicacións a través da súa páxina web no seguinte enlace: https://www.apigalicia.gal/es".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:51:00

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:51:03
Nº Rexistro: 22440
Data envio: 27/03/2025 13:51:03.722

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:51:03

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:57
Nº Rexistro: 22439
Data envío: 27/03/2025 13:50:57.535
Data 27/03/2025 13:50

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta oral en Comisión, **número 7857**, formulada polo Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, a iniciativa de dona Patricia Iglesias Rey, dona Paloma Castro Rey e dona María Elena Espinosa, sobre **"as medidas tomadas pola Xunta de Galicia para avanzar na calidade do procedemento contractual das entidades do sector público autonómico"**, convertida en escrita por fin do período de sesións setembro-decembro de 2024, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Facenda e Administración Pública**, que ten o seguinte contido:

"A plataforma de Contratos públicos de Galicia (www.contratosdegalicia.gal), creouse en Galicia no ano 2008 ao amparo da lei de contratos do 2007, e caracterízase por ser un instrumento de publicidade oficial de fácil e libre acceso, coa finalidade de asegurar a transparencia, promover a concorrencia e favorecer o acceso ás licitación das PEMES e demais empresas.

A súa finalidade é publicar a información relacionada no artigo 63 e outros da Lei de Contratos do Sector Público, que esixen publicar, entre outros contidos, os anuncios das licitacións, datos de contacto e toda a documentación necesaria para que os licitadores elaboren as súas ofertas (pregos, aprobación do gasto, memoria de necesidade,...), a información sobre a forma e prazos de presentación das ofertas e, sobre todo, o itinerario de análise e deliberación que conclúe coa adxudicación (actas, informes técnicos, ...).

**En relación ao xestor de expedientes de contratación, PLATION, está actualmente en fase de implantación na Xunta de Galicia e na medida en que vai sendo implementado estenderase a todas ases entidades do sector público.**

A plataforma galega "Contratos públicos de Galicia" está vinculada ao Rexistro de contratos do sector público autonómico e ten automatizado o envío diario da información que alí se recolle.

Por outro lado en todos os contratos da plataforma galega atopase a pestana "Execución", de conformidade co previsto no artigo 8 da Lei 19/2013, de 9 de decembro, de transparencia, acceso á información pública e bo goberno, e no artigo 13 da Lei galega 1/2026, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno".

O que lle remito para o seu coñecemento e inserción no Boletín Oficial do Parlamento de Galicia, de acordo co previsto no artigo 65 e concordantes do Regulamento vixente.

A directora xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias,

(*Documento asinado dixitalmente*)

Sandra Vázquez Domínguez

**PRESIDENTE DO PARLAMENTO DE GALICIA**

**Dirección xeral de Relacións Institucionais e Parlamentarias**

Pazo de Raxoi. Praza do Obradoiro.

Santiago de Compostela. 15705

Tfno. 981 54 49 19

Email. relacionsinstitucionais@xunta.gal

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/



DIRECCIÓN XERAL DE RELACIÓNS INSTITUCIONAIS E PARLAMENTARIAS a las 27/03/2025 13:50:54

PARLAMENTO DE GALICIA
REXISTRO XERAL ENTRADA
Data asento: 27/03/2025 13:50:57
Nº Rexistro: 22439
Data envio: 27/03/2025 13:50:57.535

Asinado dixitalmente por:

REXISTRO ELECTRÓNICO na data 27/03/2025 13:50:57

CSV: BOPGDSPG-n7gS3XesW-9
Verificación:
https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/

**Asunto**: Remisión contestación parlamentaria.

En relación coa pregunta con resposta escrita, **número 17409**, formulada polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego a iniciativa de don Luis Bará Torres e don Paulo Ríos Santomé, sobre **"o número de vítimas de accidentes de tráfico en 2024 e as medidas e a planificación, á marxe do Plan de seguridade viaria, que a Xunta de Galicia prevé desenvolver nesta materia"**, teño a honra de enviarlle, para así dar cumprimento ao previsto no artigo 157 do Regulamento do Parlamento de Galicia, a contestación formulada pola **Consellería de Vivenda e Planificación de Infraestruturas**, que ten o seguinte contido:

"A folla de ruta da Xunta de Galicia na materia obxecto da pregunta é **o Plan de Seguridade Viaria 2022-2025.** Un plan complexo e ambicioso coherente co obxectivo da redución ao mínimo posible das vítimas en accidentes de tráfico nas estradas galegas, coa meta final de cero vítimas de accidentes de tráfico no ano horizonte 2050, o que chamamos "Visión Cero". O plan abarca todos os aspectos que afectan á seguridade viaria e que implica a diferentes departamentos da Xunta, ademais de contar coa colaboración de axentes sociais e forzas e corpos de seguridade.

Dez son os grandes retos deste plan, con medidas das que se poden destacar os seguintes fitos:

- **Desenvolvemento dunha primeira Estratexia de eliminación de treitos de concentración de accidentes** nas estradas de titularidade autonómica.

  - Coa estratexia anterior, mobilizamos 14,4 M€ que permitiron reducir case 50 km de puntos negros na rede autonómica de estradas e diminuír en case un 60% a sinistralidade rexistrada neses 'puntos negros'.

  - Agora temos en marcha unha nova estratexia que inclúe novas actuacións en treitos de concentración de accidentes,, así como actuacións de eliminación de obstáculos nas marxes viarias para conformar as "estradas que perdoan", que imos reforzar nos vindeiros anos a través de intervención nos Treitos de Alto Potencial de Mellora, que contará con financiación europea para os vindeiros anos e que, unido á achega da Xunta, sumará case 23 M€.

  - Estase no proceso de adxudicación da redacción dos proxectos para estas actuacións de mellora da seguridade viaria, sendo Galicia a única Comunidade Autónoma que conseguiu que os fondos europeos FEDER financiasen este tipo de actuacións.

- **O Plan de sendas de Galicia** (itinerarios peonís e ciclistas, seguros, sostibles e integrados na paisaxe, para protexer e incrementar a seguridade dos usuarios máis vulnerables das nosas estradas) permitiu disposición dos usuarios máis vulnerables das estradas case 300 km de sendas peonís nos últimos anos, e a finais de 2024 aprobouse unha segunda fase deste plan, que prevé cando menos outros 150 km de sendas peonís e ciclistas nas contornas rurais das estradas autonómicas, pero tamén nas zonas urbanas e metropolitanas.

